

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS**CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL**

CORRECCIÓN DE ERROS. Orde do 29 de decembro de 2021 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas destinadas á elaboración de instrumentos de ordenación ou xestión forestais, cofinanciadas polo Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do Programa de desenvolvemento rural (PDR) de Galicia 2014-2020, e se convocan para o ano 2022 (código de procedemento MR462B).

Advertidos erros na Orde do 29 de decembro de 2021 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas destinadas á elaboración de instrumentos de ordenación ou xestión forestais, cofinanciadas polo Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do Programa de desenvolvemento rural (PDR) de Galicia 2014-2020, e se convocan para o ano 2022 (código de procedemento MR462B), publicada no *Diario Oficial de Galicia* núm. 21, do 1 de febreiro de 2022, cómpre facer as seguintes correccións:

1. Na páxina 6651, no artigo 2, número 1.a), onde di: «Dos bosques ou doutras superficies forestais que sexan propiedade da Administración central, autonómica ou local.», debe dicir: «Dos bosques ou doutras superficies forestais que sexan propiedade da Administración central ou autonómica.».

2. Na páxina 6654, no artigo 5, número 2, onde di: «Serán obxecto de axuda, igualmente, aqueles IOXF nos cales o plan especial finalizou con anterioridade ao 2019.», debe dicir: «Serán obxecto de axuda, igualmente, aqueles IOXF nos cales o plan especial finalizou con anterioridade a 2021.».

3. Na páxina 6672, no artigo 17, número 1, onde di: «O prazo para executar e xustificar as axudas concedidas nesta orde remata o 30 de abril de 2022, para propietarios particulares de xeito individual, sociedades e agrupacións de propietarios particulares, cooperativas agrícolas, pro indivisos, entidades locais, comunidades de bens e outras persoas xurídicas (S.A., S.L., ...) e o 30 de xuño de 2022 para CMVMC e montes de varas, abertais, de voces, de vocerío e fabeo.», debe dicir: «O prazo para executar e xustificar as axudas concedidas nesta orde remata o 30 de abril de 2023 para propietarios particulares de xeito individual, sociedades e agrupacións de propietarios particulares, cooperativas agrícolas, pro indivisos, entidades locais, comunidades de bens e outras persoas xurídicas (S.A., S.L., ...) e o 30 de xuño de 2023 para CMVMC e montes de varas, abertais, de voces, de vocerío e fabeo.».



4. Na páxina 6689, no anexo III, en Proxectos de ordenación (PO), epígrafe B, na táboa de atributos da capa de superficie arborada e inventariable, na descrición do campo Sarb, onde di: «En Xorfor se corresponde cos datos da táboa D1.TaboaEstratosInv no campo [TipoEst]='111'→Monte arborizado. Bosque ata [TipoEst]='127'→Monte arborizado ralo. Alineacións estreitas.», debe dicir: «En Xorfor correspóndese cos datos da táboa D1.TaboaEstratosInv no campo [TipoEst]='111'→Monte arborizado. Bosque ata [TipoEst]='134'→Monte arborizado temporalmente sen cobertura. Devasas.».

